



A cuadrilla ‘Rodeiro II’, con tres exemplares capturados, proclamouse Campiona Provincial de Pontevedra de raposo

O pasado 13 de xaneiro, dentro do programa de actividades da ‘III Festa da Caza de Rodeiro’, disputouse o Campionato Provincial de Pontevedra de raposo, que contou cunha participación total de 51 cuadrillas, sumando así 510 participantes entre cazadores e xuíces. A competición levouse a cabo nos tecores das sociedades “RODEIRO”, “FARELO”, “BERTAÑA”, “DOZÓN” e “LALIN”, e contou cunha climatoloxía case primaveral, que favoreceu o bo discurrir da actividade deportiva.

Na proba, que se disputou por un prazo de aproximadamente 4 horas, foron 23 os equipos que acadaron algunha captura, sendo un total de 37 os raposos ós que deron caza. Catro cuadrillas remataron a competición cun total de 3 capturas: “Rodeiro II”, “Bretaña III”, “San Xoan de Poio” e “Rodeiro I”, polo que a clasificación final houbo de decidirse por sorteo. Estas catro cuadrillas, xunto con “Rio Ulla” que realizou 2 capturas, son as clasificadas para o vindeiro Campionato Galego de raposo.

Clasificación final

Pos.	Cuadrilla	Raposos
1º	RODEIRO II	3
2º	BERTAÑA III	3
3º	SAN XOAN DE POIO I	3
4º	RODEIRO I	3
5º	RÍO ULLA	2
6º	LANZADA II	2
7º	CASELAS II	2
8º	BERTAÑA I	2
9º	PORTAS I	2
10º	PENA CUNTÍN	2

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com



Os raposeiros posan coas suas recién capturadas pezas



Unha das cuadrillas recibe o seu respectivo premio



A ledicia dos premiados tras a entrega de trofeos



Máis de 500 persoas entre cazadores e xuíces se deron cita en Rodeiro